

DOMINGO XXVIII DEL TIEMPO ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA 2 Re 5, 14-17

Lectura do libro segundo dos Reis

Naqueles días, baixou Naamán, o Sirio, ó Xordán e mergullouse na súa auga sete veces, segundo lle mandara Eliseo o home de Deus. A súa carne tornouse entón coma a dun neno pequeno, e quedou limpo da súa lepra.

Volveu Naamán con toda a súa compañía onda o home de Deus e presentóuselle, dicindo: - "Agora recoñezo que non hai deus en toda a terra, fóra do Deus de Israel. Acepta, pois, un regalo do teu servo". Respondeulle Eliseo: - "Polo Señor vivo a quen sirvo, que non aceptarei cousa ningunha". E por moito que lle insistiu para que aceptase, el negouse. Naamán dixo entón: - "Pois logo, permite que o teu servo leve unha carga desta terra, a que poidan cargar dúas mulas, pois o teu servo non ofrecerá holocaustos nin sacrificios a deus ningún, senón só ó Señor.

SALMO RESPONSORIAL Sal 97, 1. 2-3ab. 3cd-4

R/. (cf. 2b): O Señor revela a súa xustiza ante os pobos.

Cantade ó Señor un cántico novo,
pois fixo marabillas;
a súa destra deulle a victoria,
o seu brazo santo.

O Señor dá a coñece-la súa victoria,
revela a súa xustiza ante os pobos.
Lembrou a súa misericordia e a súa fidelidade
coa casa de Israel.

Os confíns todos da terra percibiron
a victoria do noso Deus.
Aclama ó Señor, terra enteira,
rompede a cantar e a tocar.

SEGUNDA LECTURA 2 Tim 2, 8-13

Lectura da segunda carta do Apóstolo San Paulo a Timoteo

Benquerido irmán: Lémbrete de Xesús Cristo, resucitado dos mortos, da semente de David. Este é o meu Evanxeo, polo que padezo ata estar preso coma un vulgar criminal. Pero a palabra de Deus non está encadeada.

Por iso soporto tódalas cousas por mor dos escolleitos, para que tamén eles acaden salvación en Cristo Xesús, coa gloria eterna. Gran verdade é esta: Se con el morremos, viviremos con el. Se con el padecemos, reinaremos con el. Se renegamos del, tamén el nos ignorará. Pero se lle fallamos na fe, el mantense fiel, pois non pode renegar de si mesmo.

EVANXEO Lc 17, 11-19

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Indo Xesús camiño de Xerusalén, mentres pasaba entre Samaría e Galilea, ó entrar nunha aldea, saíronlle ó paso dez gafos. Pararon ó lonxe, e dando voces suplicáronlle: - Xesús, Mestre, ten dó de nós. El, ó velos, díxolles: - Ídevos presentar ós sacerdotes.

E aconteceu que cando ían para alá, quedaron limpos. E un deles, ó se decatar de que estaba curado, volveu loando a Deus con grandes voces. E prostrándose, rostro en terra, ós pés de Xesús, deulle as gracias. Era un samaritano. Xesús dixo: - ¿Non foron dez os que quedaron limpos? ¿Onde están os outros nove? ¿Ninguén, fóra dun estranxeiro, volveu para lle dar gloria a Deus? E engadiu: - Érguete e vaite: salvoute a túa fe.